



CONCELLO DE TUI

1125/2021

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TUI E A ENTIDADE "ASSOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA"**

En Tui,

Dunha parte Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente do Concello de Tui.

Doutra parte ABEL JOSE BARROSO GUERREIRO, con DNI \*\*6986\*\*\*, en nome e representación da "ASSOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA", entidade sen ánimo de lucro, con número de CIF 501145532 .

Ámbolos dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e subscribir o presente convenio:

### **CONSIDERAN**

- 1.-Que as Administracións poden celebrar convenios de colaboración ó amparo do disposto no artigos 28.1 da Lei 37/2013, do 17.11, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13.06 de subvencións de Galicia.
- 2.- Que en virtude do establecido no orzamento do Concello para o ano 2021, prevese unha achega a esta entidade dunha subvención de carácter nominativo polo importe de 6.000,00€, na partida : 2021.1.924.48911.01
- 3.- Que de acordo co establecido na Lei xeral de Subvencións, é preciso a realización do oportuno convenio entre a entidade beneficiaria e o Concello de Tui, no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido na devandita Lei.
- 4.- Que en base á documentación presentada procede aportar como subvención nominativa polo Concello de Tui a cantidade de 6.000,00€ no ano 2021, para axudar a sufragar os custes do Intervención para as que sexan requiridos no Concello de Tui.

E por todo o anterior subscriben o presente Convenio coas seguintes:

### **CLAUSULAS**

#### **1º OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

I.- É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Tui coa entidade ASSOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA co fin de cubrir parte dos gastos de Intervención para as que sexan requiridos no Concello de Tui.

II.- ASSOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA é unha entidade social sen ánimo de lucro.

III.- Tanto o Concello como a Asociación teñen fins comúns e, polo tanto, é preciso unha colaboración estreita que permita acadar actuación de protección civil, prevención e extinción de incendios, segundo establece o artigo 25.2 f) da Lei reguladora de bases de réxime local.

IV.- O Concello de Tui comprométese ante a entidade ASSOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA a subvencionar unha cantidade máxima de 6.000,00€ para axudar a sufragar os custes que ocasiona o Intervención para as que sexan requiridos no Concello de Tui, tendo dita asociación que presentar a axeitada xustificación en cumprimento do establecido na Lei xeral de subvencións, Lei de subvencións de Galicia, Regulamento de Fomento e Bases Xerais Tipo do Concello de Tui.

A actividade obxecto da subvención, de acordo co establecido pola Lei Xeral de Subvencións pode estar xa realizada ou pendente de realizar pero sempre se levará a cabo dentro do exercicio 2021, a cal é obxecto de subvención.

V.- No momento da firma do presente Convenio xúntanse os documentos seguintes:

- Impreso de solicitude de subvención cuberto.
- Memoria das actividades desenvoltas ou a desenvolver.
- Previsión de orzamento de ingresos e gastos referidos a actividade subvencionada.

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 5DG7GLKP4F496HN3WJHLA3HSP | Corrección: https://concello.tui.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



- Declaración responsable de non estar en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de subvencións ou axudas públicas e non concorren as causa do artigo 13 da LXS, así como, de non ter pendente de xustificar subvención ningunha.
- Declaración doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade solicitadas ou concedidas por calquera outra Administración ou ente público ou privado.
- C.I.F da entidade e NIF do Presidente, solicitante da subvención nominativa.
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación por entidade beneficiada, no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente

VI.- Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos e recursos para a mesma finalidade, sempre e cando non financien no seu global máis que o gasto realizado.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Tui a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no intre en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total das subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, do 21.06, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

## 2ª GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido, e en particular os seguintes:

Gastos correntes de Intervención para as que sexan requiridos no Concello de Tui

En ningún caso, o persoal para o desenvolvemento das actividades da entidade ASSOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTARIOS DE VALENCA terá vinculación ou relación laboral de ningún tipo co Concello de Tui.

O Concello de Tui non terá ningunha responsabilidade civil e de accidentes individuais do persoal que preste os seus servizos durante a realización destas actividades, debendo estar a entidade beneficiaria da subvención ao estrito cumprimento da normativa vixente na materia.

Non serán gastos subvencionables:

- a) os xuros debedores das contas bancarias
- b) xuros, recargas e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda

## 3ª FORMA DE PAGAMENTO

O beneficiario percibirá o importe da subvención concedida unha vez realizada a actividade subvencionada e xustificada documentalmente ante o Concello, nos termos previstos no Regulamento municipal regulador da actividade de fomento e Bases xerais tipo do Concello de Tui.

Os pagos tramitaranse previa certificación do persoal técnico de Deportes, na que especifique que procede por cumprirse as cláusulas do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

## 4ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS

I.- A xustificación da subvención deberá de facerse conforme establece a Lei Xeral de Subvencións e o Regulamento da mesma, tendo en conta que a subvención concedida non superará o 70% do custe da actividade para a que se solicitou a

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 5DG7GLKP4F496HN3WJHLA3HSP | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



CONCELLO DE TUI

subvención, e asemade deben presentar conta xustificativa coa seguinte documentación mínima:

- Memoria de actuación explicativa da actividade específica subvencionada, facendo especial mención ao colectivo que foi dirixida, obxectivos conseguidos e incidencia no termo municipal.
- Memoria económica de ingresos e gastos da actividade específica subvencionada.
- Conta xustificativa, relación pormenorizada de gastos do programa ou actividade específica subvencionada.
- Facturas regulamentarias orixinais polo importe total da actividade subvencionada. (Con tódolos requisitos esixidos polo R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación).
- Xustificantes de pagamento das mesmas, mediante adeudo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento das facturas segundo o establecido nas Bases xerais tipo do Concello de Tui (Conter o selo de "pagado" co asinado e NIF do perceptor).
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención.
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria, das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso a data de xustificación.
- De non estar vixentes os certificados presentados coa solicitude, Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social, actualizados.
- Exemplar da documentación gráfica da actividade onde conste que a patrocina ou colabora o Concello de Tui

**O prazo de xustificación iníciarase o día seguinte á data de notificación da resolución da subvención e ata a data máxima do 22 de novembro do 2021.**

II.- A entidade **ASOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA**, obrígase a realiza-las xestións oportunas para levar a termo ditas actividades, comprometéndose a destinar o importe da cantidade recibida do Concello de Tui ao fin indicado.

Si o custe total da actividade subvencionada resultara ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### 5ª OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade **ASOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA** queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

**Primeiro.-** Levar a cabo unha correcta execución do Intervención para as que sexan requiridos no Concello de Tui para o que ten plena capacidade de obrar e goza de total autonomía. O programa organízase baixo a súa única e exclusiva responsabilidade, tanto fronte ao Concello como fronte a terceiros.

**Segundo.-** Asumir tódolos gastos derivados da organización e desenvolvemento.

**Terceiro.-** Facer constar nas publicacións e material do programa, en lugar destacado, o logotipo do Concello de Tui e a súa colaboración.

**Cuarto.-** Xustifica-la execución das actuacións e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable.

**Quinto.-** Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.

**Sexto.-** Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.

**Sétimo.-** Estar ó corrente coas súas obrigas tributarias coa Administración Estatal, Autonómica e Local e coa Seguridade Social. E asemade autoriza ao Concello de Tui a consultar a súa información tributaria, aos efectos deste convenio, coa Axencia

### Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 5DG7GLKP4F496HN3WJHLA3HSP | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



CONCELLO DE TUI

Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria Galega (ATRIGA) e coa Seguridade Social.

Comprobarase de oficio que ASOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA está ao corrente coa Facenda Municipal.

#### 6ª VIXENCIA DESTE CONVENIO

O presente Convenio terá vixencia durante a presente anualidade 2021.

#### 7ª CONTROL

Para un mellor control do Concello, ASOCIACAO HUMANITARIA BOMBEIROS VOLUNTÁRIOS DE VALENCA, estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.

#### 8ª REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poda facer o órgano municipal competente.

As causas de reintegro serán as reguladas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e as cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto na Lei Xeral Orzamentaria.

#### 9ª RESOLUCIÓN

I.- Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

II.- Dada a natureza xurídico - pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

III.- As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo.

#### 10ª LEXISLACIÓN APLICABLE

A subvención obxecto do presente convenio rexeráse por:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RD 887/2016, de 21 de xullo, regulamento xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Bases de execución do orzamento do Concello de Tui para o 2021.
- Regulamento da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos.
- Bases xerais tipo da concesión de subvención do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos.

#### 9ª BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS

En cumprimento do establecido na resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 8 b).

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 5DG7GLKP4F496IN3VJHLA3HSP | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5




De acordo coas bases expostas, asinan o presente convenio, no lugar e data citados inicialmente,

Polo concello,

O Alcalde,

Documento asinado electronicamente á data que se indica na sinatura.


Pola entidade  
ABEL JOSE BARROSO GUÉRREIRO



---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 5DG7GLKP4F496HN3WJHLA3HSP | Corrección: <https://concellobui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5